

## As feiras de ciencia na Galiza

Antonio Gregorio Montes

IES Porta da Auga

Ribadeo (Lugo)

antonio.gregorio.montes en edu.xunta.es

As feiras de ciencia na Galiza é o título que leva o sitio web <http://feirasdeciencia.wikispaces.com>, coa pretensión de amosar diferentes aspectos das feiras de ciencia e eventos didácticos semellantes na nosa terra, os seu desenvolvemento, a súa historia, mesmo o que poderíamos chamar novas de prensa, xunto con as súas bases para o entronque didáctico.

O sitio está concebido como unha wiki, espazo en construción continua con partes que se van ensamblando mediante hipervínculos e que permiten a súa actualización de xeito doado.

As páxinas web forman parte dun proxecto máis amplo que comeza así a verse materializado.

Pretende ser un instrumento que facilite o traballo e o faga máis rendible a toda aquela xente (educadores, monitores, activistas científicos en xeral) que traballe na difusión da ciencia a través da investigación e o contacto coa realidade científica presentada por diversos medios.

En certo xeito, intenta contribuír a cambiar as verbas do informe Rocard (2007) "While most of the science education community agrees on the fact that pedagogical practices based on inquiry-based methods are more effective, the reality of classroom practice is that in most European countries, actual science teaching does not follow this approach."

Farase unha introducción, revisarase a estrutura do sitio e os seus principais apartados: historia, teoría, centros implicados, redes, eventos, orzamento, recursos, etc.